

MELANDRAINAS Creativa Sociedade Cooperativa Galega nace para dar saída as propias inquedanzas persoais, cubrir unha demanda puntual de actividades para o tempo de lecer, desenvolver habilidades e coñecementos propios e como mellora á actual situación laboral das socias cooperativistas.

A nosa experiencia no sector e o coñecemento do medio no que nos ímos desenvolver nos posicionan moi favorablemente dentro do sector que xa ten referencias do noso traballo tanto de xeito individual como colectivo.

A fórmula xurídica de Cooperativa, nos proporciona un marco de igualdade á hora de tomar decisións e por iso é a fórmula que mellor reflicte a filosofía de traballo e de vida escollidas persoalmente.

Coa creación da Cooperativa preténdese alcanzar unha serie de obxetivos tanto cuantitativos (creación de cinco postos de traballo) como cualitativos, lograr un posto de traballo que conleve a realización persoal e profesional, colaborar no desenvolvemento socio-cultural e dar unha alternativa diferente ao tempo de lecer baseándonos na propia filosofía de potenciar a cooperación, a tolerancia, o respecto, a interculturalidade e o desenvolvemento personal.

O proxecto que ímos por en marcha dende está vencellado principalmente ao sector da cultura e máis concretamente ao das artes escénicas mesturado co da hostelería.

Recollendo a tradición do Café-teatro que nos da un marco incomparable para o espallamento cultural, introducimos ademais, novos elementos pensados especialmente para a infancia e as súas familias. Así, os espectáculos infantís de contacontos, monicreques, paiaos, maxia etc. terán sempre o seu recuncho na nosa programación semanal.

As promotoras poremos en marcha mediante a rehabilitación dun local céntrico, novas actividades para esa franxa de idade en horario familiar, así como tamén obradoiros de teatro, baile, música, cociña, etc., para todas as idades de tal xeito que supoña unha oferta ampla para sectores de poboación, que non contan en Arteixo e a súa contorna, dun lugar onde desenvolver iste tipo de actividades de ocio e lecer. Resumindo, o que pretendemos é que Melandrainas Creativa se configure e consolide deste xeito como un referente de esparcemento familiar que veña a dar resposta ás necesidades que vímos detectando dende hai anos como formadoras en animación e teatro.

○ noso centro sitúase na Rúa Nicaragua, Nº 4 - 15142 Arteixo (A Coruña), nun lugar estratéxico de paso para os CEIPS, IES, Escolas infantís, complexos deportivos, centros comerciais e praias da vila polo que a comodidade de accesos, ampla terraza e coidada decoración suporá un valor engadido á nosa versátil oferta gastronómica.



Fachada principal



Vista aérea do local


CEIP Ponte dos Brozos

Centro comercial Eroski

Carretera de acceso a zona escolar e deportiva

Carretera acceso praias

Medidas do local: 250 m² máis terraza de 200 m².



A poboación de Arteixo (do mesmo xeito que Oleiros, Culleredo e Cambre) configúranse como auténticas cidades dormitorio e contan con importantes taxas de poboación infantil-xuvenil. Arteixo en concreto (segundo datos do IGE) conta cun censo de 2.150.- nenos/a menores de nove anos e cáseque 1.500.- máis entre 10 e 14 anos para os que non existen demasiadas actividades de ocio e entretenimento familiar. A comarca á que pertence é A CORUÑA con taxas de poboación infantil e xuvenil moi salientables e con novos accesos a través da terceira ronda que facilitan as comunicacións entre a cidade de A Coruña e o núcleo urbán de Arteixo. Asimesmo conta cunha poboación superior a 5.000.- habitantes entre 25 e 49 anos en moitos casos parellas novas con nenos.

O café-teatro é un tipo de local pertencente ao sector da restauración. Defínese a este tipo de establecementos como bares, cafeterías ou pubs que levan a cabo os servizos propios da restauración (café, almozos, comidas, tapas, merendas, copas, etc.) e ofrecen outro tipo de actividades e espectáculos como obras de teatro, monólogos, conta-contos, humoristas, música en vivo, exhibicións de maxia, etc. Normalmente habilítase un pequeno escenario dentro do local para realizar as diferentes actuacións, limitando a escenografía da obra e permitindo a proximidade do público aos actores/actrices.

Estes locais son ideais como lugares de encontro, de charlas e de reunión, ao mesmo tempo que se pode gozar dun café, unha merenda, unha cervexa ou uns petiscos e poden -como neste caso- servir de lugar de entretenimento e ocio para os máis cativos (sobre todo na época outono - inverno), pero tamén na primavera e verán xa que conta con terraza exterior.

Por norma xeral, ademais de ofrecer este tipo de espectáculos, o que se pretende é crear un espazo que estableza un ambiente diferente, agradable, cunha coidada decoración, zonas acolledoras e iluminación axeitada. Trátase de conseguir unha contorna única, na que as persoas se sentan cómodas, se esquezan dos problemas e trafegos que causa o día a día, ao mesmo tempo que gozan dunha serie de espectáculos. A procura por parte das persoas de novos estilos de lecer e alternativas converte aos cafés-teatro en espazos moi acaídos para gozar e relaxarse.

Existen algúns locais e pubs na localidade con actuacións en vivo (BATA DE GUATA, LA BRASERIA,...) pero xeralmente trátase de actuacións musicais e monólogos pensadas para público adulto.

Pola súa banda tanto o concello como distintas entidades como as asociacións veciñais organizan actividades lúdicas para nenos e nenas. Porén, non existe actualmente unha oferta conxunta para familias que lles permita compartir servizos de cafe-bar con espectáculos adaptados a todas as idades.

Perfís dos clientes

En función das franxas horarias o perfil do cliente será distinto, xa que existirán distintos ambientes. Por regra xeral trátase de persoas de ambos sexos con capacidade adquisitiva media e con necesidade dun servizo de cafetería preto do seu centro de ensino, deportivo ou laboral, de socialización e de esparcemento. Moi importante a conexión WIFI coa que está deseñado o local, o material audiovisual que permitirá o acceso gratuíto a internet e o amplo salón que permitirá a celebración de cursos, exposicións, reunións, conferencias, etc.

Socias cooperativistas

- * Margarita Fernandez Dans, 54 anos, Maxisterio e formación teatral e empresarial. Actriz e directora de grupos, realiza actividades formativas de teatro e animación para todas as idades no ámbito da mancomunidade.
- * María Enriqueta Ares Soto, 53 anos, COU e formación teatral, musical e empresarial. Animadora sociocultural, guionista e directora de grupos, realiza actividades formativas de teatro e animación para todas as idades dentro da mancomunidade.
- * Olalla Novo Ares, 32 anos, ESO e formación informática, confección e hostelería. Oficial de 3ª especialista en confección, realiza vestuario para grupos de teatro e actividades de animación infantil dentro da mancomunidade.
- * Isabel Pomares Muyor, 50 anos, graduado escolar, formación en xeriatría e hostelería. Realiza atención ao público nun local propio de hostelería na cidade de Almería.
- * Encarna Jimenez Fernandez, 50 anos, graduado escolar, formación en atención discapacitados mentales y hostelería. Realiza atención ao público nun local propio de hostelería na cidade de Almería.

Documento de afianzamento



R/ Fernández Villaverde, 4 1º Andar Dereita
36002 Pontevedra
986 896 526 – 673 524 748
galicia@coop57.coop
<http://www.coop57.coop/galicia>

....., con DNI, constitúe mediante o presente documento un AFIANZAMENTO a favor da entidade MELANDRAINAS CREATIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con CIF F-70351242, para responder, sen prexuízo dos beneficios de división, excusión e orde pola débeda e todas as obrigas derivadas desta, que a nomeada entidade estableceu con **COOP57 SCCL**

A cantidade avalada é de € e manterase vixente ata que a débeda sexa totalmente cancelada. *A finalidade deste convenio é para financiar O TRASPASO DO LOCAL SOCIAL*

....., a dede 2013

Sinatura

Xúntase fotocopia do DNI.

Recompensas (a elixir entre as tres opcións)

Opción **A**.-

Menú xantar ou cea para dous persoas + Tarxeta VIP

Opción **B**.-

Entrada para dous persoas a espectáculo con consumición + Tarxeta VIP

Opción **C**.-

Entrada a contacontos para dous nen@s con merenda infantil + tarxeta VIP

Tarxeta VIP

- * Desconto especial en menús, espectáculos, actividades e cursos
- * Non acumulable a outras promocións e descontos
- * A tarxeta VIP terá a mesma vixencia que o tempo de devolución do empréstimo.

A vosa colaboración axudará enormemente no noso proxecto e nos permitirá ofrecer un mellor servizo.

!!Grazas polo voso apoio!!